

Indo pra máis perto da poesía de Cribeiro

Miro Villar

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

VILLAR, MIRO (2012 [1995]). “Indo pra máis perto da poesía de Cribeiro”.
Dorna: 21, 125-131. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1935>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

VILLAR, MIRO (1995). “Indo pra máis perto da poesía de Cribeiro”. *Dorna*:
21, 125-131.

* Edición dispoñíbel desde o 8 de marzo de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

INDO PRA MÁIS PERTO DA POESÍA DE CRIBEIRO

Miro Villar

Non foi moi abondosa a obra poética que nos deixou o pontevedrés Xosé Alexandre Cribeiro (1936-1995), e esa escasa produción lírica tampouco mereceu a atención da crítica, máis preocupada por profundar noutros poetas sobranceiros da súa época, os poetas da Xeración das Festas Minervais na clasificación proposta por Méndez Ferrín (1984) para os escritores nados entre 1930 e 1940.

Aínda que estudiosos como Francisco Fernández del Riego ou Basilio Losada teñen escollido algúns textos para os incluíren nas súas antoloxías cando se ocupaban dos poetas de posguerra, polo xeral a poética de Cribeiro é reducida a un parágrafo e tan só Méndez Ferrín (op. cit.) xunta unha Nota biográfica e unha Nota crítica que nos permiten un achegamento de urxencia.

Alexandre Cribeiro cumpre a maioría das características do grupo xeracional do que fala Ferrín. De feito foi premiado en 1959 nas Festas Minervais

(restauradas polo SEU seis anos antes), participou do compromiso revolucionario (nos anos sesenta militou no PCE) e foi parte activa do grupo "Brais Pinto", xunto ao propio Méndez Ferrín, Bautista Álvarez, César Arias, Carlos Baliñas, Herminio Barreiro, Fernández Ferreiro, Fernández Oxea (Ben-Chosey), Bernardino Graña, Ramón Lourenzo e Raimundo Patiño.

O grupo de acción cultural "Brais Pinto" nace como resultado dun traballo colectivo, das ilusións, das inquedanzas e dos soños dun fato de rapaces galegos que coinciden en Madrid entre 1958 e 1962. En principio, foi un nacemento poético, adoptando o nome dun paraugüeiro trotamundos de Nogueira de Ramuín que foi invención de Ferreiro. César Arias foi o organizador, aglutinador e maior animador. Tiñan en común unha actitude de compromiso político e unha continua preocupación polo porvir da cultura galega, coincidindo neses anos cunha situación política e social difícil

para o País. No plano cultural tratan de renovar a poesía cunha nova colección e tamén a pintura ou calquera outra manifestación artística. De feito, ao grupo outórgaselle certo protagonismo na introducción das correntes existencialistas francesas.

Hoxe, tal e como indica o título do noso artigo, tentaremos ensanchar un pouco máis o coñecemento do poeta Xosé Alexandre Cribeiro a través dun percorrido polos seus dous únicos libros: *Acoitelado na espera* e *Indo pra máis perto*, facendo tamén referencia aos poemas espaxados en revistas de Galicia e América latina como *Alba*, *Aturuxo*, *Eufonía* (Bos Aires) ou os que viron a luz nos números 9 e 13 de *Dorna* e no libro colectivo *Voz e voto* (*homenaxe a Celso Emilio Ferreiro no X cabodano do seu pasamento*). De calquera xeito e aínda contando todos estes textos aparecidos en publicacións periódicas non chegan a setenta os poemas impresos coa súa sinatura.

Falaremos sempre de dous libros por seren títulos publicados en diferentes coleccións e con case vinte anos de diferenza, aínda que, de sermos rigorosos, habería que falar dun único vo-

lume, pois no que se titula *Indo pra máis perto* hai, como sinala máis unha vez Ferrín no prólogo, "tres libros de Cribeiro aquí recolleitos".

En efecto, nese volume reedítase *Acoitelado na espera* que estaba esgotado na altura xa que a tiraxe na colección de poesía "Brais Pinto" era de cincocentos exemplares e o grupo cultural tiña trescentos subscritores de seu, polo que os libros publicados xa desaparecían no primeiro ano. E tamén inclúe outro pequeno poemario, daquela aínda inédito intitulado *Doente na espranza* (1962) que recibira o premio de poesía da Unidade Galega de Nova York. Xunto a estas dúas obras de mocidade inclúense novos textos co mesmo encabezado que o volume.

Indo pra máis perto ábrese cunha breve introducción do propio autor na que informa de que "o lector debe saber que estes versos comezáronse a escribir nos anguriantes días dos anos 1956 e 1957. Eran días certamente tensos; pro espranzadores", para despois dedicar o libro aos seus compañeiros de xeración nun parágrafo que remata coas duras e fermosas palabras "non hai historia máis triste que a dos que nos fumos

facendo na posguerra, sin escoitar un tiro; pro sentindo todo o medo informe de sabelos continuados na *paz*".

A seguir un interesante prólogo (sobexo politizado, en función das coordenadas da época), da autoría de Méndez Ferrín no que arremete contra os críticos porque adoitan liquidar o nome de Alexandre Cribeiro cunha mención de esguello cando citan a Brais Pinto ou a Celso Emilio Ferreiro. Para o escritor de Vilanova dos Infantes, Cribeiro fixo e publicou poesía política sen influencias e con independencia de Ferreiro, e posúe o mesmo espírito que os "Brais Pinto", nomeadamente pola incorporación de materiais poéticos de literaturas non galegas e pola concepción do oficio de poeta como servidor da radical vivencia interna. E engade "suicidas sentimentais a cada hora, os de Brais endexamais cederon (cedemos) á xogueta frívola ou ao pincho carneiro vangardista". Finalmente dinos Ferrín que nos textos de Cribeiro a Escola da Tebra que "un día botei (botamos) a andar" está viva porque "facen poesía é levar o corazón na man" ou "espremer da lingua as pingas de zume inesperado".

Esta é pois a visión de conxunto, pero como dixemos con anterioridade o volume recolle tres propostas poéticas ben diferenciadas entre si que analizaremos pormenorizadamente de seguido.

1. *Acoitelado na espera* (1960). Os vinteún poemas que se engloban baixo este encabezamento divididos en Primeira, Segunda e Terceira Espera, están percorridos pola influencia do existencialismo que foi común a toda a creación dos membros de Brais Pinto. Esta angustia existencial é un sentimento tamén compartido por toda a Escola da Tebra, –termo acuñado por Méndez Ferrín e que representou sobre todo o poeta pontevedrés Manuel Cuña Novás (1926-1992)–. Tal sentimento era debido á actitude intimista e ao influxo da vaga existencialista que penetrou no estado español nos anos cincuenta, polo que era unha preocupación moi propia do ambiente e das letras daquel tempo.

Na Primeira Espera –nove primeiros poemas– o eu poético naufraga na revelación dolorosa do seu mundo interior coa morte como referente e, de feito, o desconcerto xuvenil desta primeira parte remata cos

angustiosos versos "Ó final, soio queda / a estúpida fantasía / de querer morrer", despois de nos indicar en textos anteriores "vou magoado de inxelas espranzas", "vou indo fraco, mais fraco / cada vez que o vento/ pousa o seu refacho / nos meus ollos murchos".

Un tremendo pesimismo inza as páxinas en versos fermosísimos: "esmaíaseme o vran / por antre os dedos", "é un jazz que me morre nas pupilas"... O eu poético debanda polas tebras existenciais, buscándose entre as sombras e mesmo interrogándose a si propio para tratar de atopar unha resposta vital: "Mírame serán por dentro, / atoparás, xustamente, / a Xosé Alexandre, revelándose / dende tódalas cousas."

Este intimismo do eu e este autobiografismo, máis propios dunha voz individual, pasan a ser poética colectiva por ser común a outros escritores (lembramos por exemplo *Poema do home que quixo vivir* de Bernardino Graña) e por faceren todos eles un tratamento da dor como experiencia persoal que pode ser universal.

Na Segunda Espera, tamén nove poemas, prodúcese unha dialogación, déixase atrás a reflexión anterior para se dirixir

á "muller, doce, muller miña, / muller que tanto amo e que non teño". Son versos dun tempo no que o Amor estaba ferido "Porque xa estás perdida, / porque xa eres sombra / que me póboas / e non fires". A muller convértese, pois, na destinataria de palabras acendidas de amor e de desexo "Eiquí, nos teus seos brancos, / coma un río de lume sobre da lúa, / beberían paxaros de mil xeografías."

A dialéctica entre o amor e o desamor adubíase de intres violentos: "Destruiréi paxaros / e abriréi fontes de veneno / pra te saber perdida, / muller". Finalmente, resólvese cunha nova derrota do eu poético en dous fermosísimos poemas que mereceron a atención de Fernández del Riego, intitulados "Ó fin, a tristura son eu" e "O último poñente é xa mentira". Precisamente deste último poema rescatamos uns versos que ilustran perfectamente todo o que se dixo: "Muller de terra e leite, / a túa dimensión é xa mentira".

Na Terceira Espera, en tan só tres poemas, principia a poética de inspiración civil e compromiso que é inherente aos Brais Pinto. Fálase da Nación, da Patria, alcanzando o seu cumio no derradeiro poema do libro, que aparece na antoloxía *Poetas*

gallegos de postguerra de Basilio Losada e que principia "Quixera dar coa Terra / no meu sangue" co que se adianta un pisco a mesma preocupación que vai expresar despois Celso Emilio, en versos nos que o poeta aparece como cidadán.

2. *Doente na espranza* (1962). Cribeiro cambia totalmente o discurso poético e se, dous anos antes, dubidaba perante a existencia, agora chama á rebelión do home porque "vivir é certo" e débese crer niso. A voz poética dinos: "Eu comprendo que vivir é algo terríbele" e engade posteriormente "Vamos, así, formados na noite, / con longos cans cantando a nosa morte, / bebendo os nosos ollos totales de agonía: / Coctail engano, anguria incluída: gratis". A linguaxe poética vólvese máis hermética e máis dura, como dura é a situación para aqueles homes que neses anos están a facer galeguismo no abano ideolóxico da esquerda, no anti-franquismo, desde tribunas culturais como Brais Pinto que, en pouco tempo, chegarán a se expresar politicamente na UPG e no PSG. Son tempos nos que o ceo está pálido de cinza ou "hai un duro límite de cobre / que traballa seriamente / nas gretas dos corazóns que aman".

Trátase, en definitiva, dun poética do inconformismo con innegable valor circunstancial e histórico.

3. *Indo pra máis perto* (1979). É evidente que o ano da súa publicación non se corresponde coa época na que os textos foron escritos. Agora a poética vitalista comprométese aínda máis co pobo do que en anteriores entregas e existe unha maior sensibilización á hora de denunciar inxustizas e expresar solidariedades. Así, algún destes poemas recupera a emigración como tema pero para pór de manifesto que "Traerán un Peixeot. / E isto Rosalía, ti / que apenas sospeitache..."

Os versos fanse máis curtos, máis directos e expresivos, ás veces son case sentencias "O meu traballo enteiro / para un pan tan curto", e mesmo se reflexiona sobre a maneira de dicir as cousas: "Con qué verbas / escolleitas se poderá dicir que, / simplemente resistimos?. A voz poética sabe que o pobo está triste e só, sabe da súa fame, dos seus medos ou da man que o esmaga porque "iste frío ten forma de coitelo".

Nese ton coloquial e irado, cheo de berros e consignas, o eu poético actuando como cidadán comprometido advirte que

cómpre comenar "ben xuntos a derrumbar o medo: / comenar tantos proieitos sin comenzo".

A chamada a participar na loita desigual é totalmente transparente no poema XII desta parte que principia "Tremendamente triste vouche pedir / que me dela man, compañeiro" e que remata "Vamos pola beira / que inda somos poucos. / O fronte xa se encherá", texto que foi recollido nas antoloxías de Fernández del Riego e Basilio Losada. As palabras compañeiro ou mesmo "hirmán" itéranse nos textos, porque andan aínda "xentes con zapatos tristes". Nun último poema desta serie dísenos "Convén dal-a man / a quen percisa de pan / e de gramática, / e dar pan e gramática / a quen percisa da man que se dá".

Completan o libro os únicos poemas que teñen título e que non forman unidade estrutural cos anteriores, aínda que si temática. Son os textos intitulado "Pepe", "Roxo Vietnan roxo" e "Manuel Curros ten cen anos". O primeiro deles é unha especie de autorretrato feito con desmedida ironía: "Eu son fillo da xente / que quenta con tristura / o pan que se prohíbe". Con grande dose de autocrítica, non tanto para si propio senón ex-

tensiva para o prototipo de persoa que vive no franquismo, sucumbindo e conformándose.

"Vietnam, Vietnam, / meu amor de cada día / xeografía de dolor", vainos lembrar no poema dedicado á masacre vietnamita, que é tema recorrente a finais dos anos sesenta e velaí senón textos como "Digo Viet Nam e basta" de Celso Emilio Ferreiro, "Vietnam Canto" de Uxío Novoneyra ou as referencias ao noso tío Ho Chi Minh en "Reclamo a liberdade pró meu pobo" de Méndez Ferrín, por citarmos os máis representativos.

O terceiro poema fálanos dunha terra que xermina máis alá de fronteiras e espazos xeográficos, o eu poético diríxese a Curros mantendo un amplo diálogo sobre a mesquindade da emigración. Só con traermos o seu final xa entendemos o sentido das palabras: "eiqui, seguimos, Manuel, / sabendo desde sempre que non convén chorar: / pero choramos de sempre esta ferida."

4. Poemas dispersos. Para nós un dos mellores poemas saídos da pruma de Xosé Alexandre Cribeiro figura nun libro que se publicou como homenaxe a Celso Emilio Ferreiro no décimo cabodano do seu pasa-

mento e que se titulou *Voz e voto*, con versos como os que seguen "De puro recita-la liberdade / gozámo-la delicia de saber no aire / próximo xa o pensamento dunha historia, / nosa por fin a historia nosa."

Finalmente, o poema "Son moitos xa os días auscultando", publicado no número 9 de *Dorna* recobra a dialéctica amor e desamor, pero cunha maior elaboración da linguaxe poética. Nese mesmo número no poema "Cando asubía o vento" un Cribeiro que daquela traballaba en Madrid sente a chamada da Terra e viaxa co vento "ata dar co mar Atlántico que enxerfa / os pés daquel país que espera, ...". E xa no número 13 desta publicación, o eu poético faise preguntas sobre o inevitable transcorrer do tempo, para finalizar dicindo "Quizais, máis alá de nós, / só se é unha agonía de amor / por un agora que se está, non chega".

E quizais, máis aquí, entre nós, a obra poética completa de Xosé

Alexandre Cribeiro —pouco menos de setenta textos—, dezaseis anos despois da publicación do seu derradeiro libro, ben merecería unha nova edición (crítica, se se quixer) para xuntar un corpus poético que permitise aos lectores de hoxe a posibilidade de termos unha visión máis completa da lírica e da sociedade de posguerra.

Compostela, outubro de 1995.

BIBLIOGRAFÍA BÁSICA:

- CRIBEIRO, Xosé Alexandre (1960): *Acoitelado na espera*. Madrid: Brais Pinto.
- (1979): *Indo pra máis perto*. Madrid: Akal.
- LOSADA, Basilio (1971): *Poetas gallegos de postguerra*. Barcelona: Ocnos.
- FERNÁNDEZ. DEL RIEGO, Francisco (1980): *Antoloxía de Poesía Galega: Do Posmodernismo aos Novos*. Vigo: Galaxia.
- MÉNDEZ FERRÍN, Xosé Luís (1984): *De Pondal a Novoneyra*. Vigo: Xerais.